

1. Normas xerais para a tradución de textos

O obxectivo básico deste curso en relación coa lingua latina é sermos quen de traducir textos de lonxitude pequena ou media, extraídos de autores literarios latinos.

Existen diferenzas importantes entre a tradución de oracións breves e non conectadas entre si, como fixemos a maior parte do curso anterior, e o traballo cos textos. A clave está en que estes últimos pertencen a obras extensas con unidade de contido e coherencia interna. Isto quere dicir que canto máis tempo dediquemos á tradución dunha obra literaria latina, máis destreza iremos adquirindo, xa que nos familiarizaremos pasenñamente cos seus usos máis propios: os trazos de estilo, que varían, e ás veces non pouco, dun autor a outro.

Os dous autores que se traballarán de preferencia durante este curso son bastante distintos un do outro por varias razóns: **Eutropio** é un prosista, un historiador do s. IV d. C., un período no que a lingua literaria latina xa había tempo que producira as súas luminarias máis brillantes; ademais, a súa obra é un resume doutras máis amplas, e iso nótase no seu xeito de fiar os acontecementos que narra, ás veces supoñendo que o lector coñece xa de antemán algúns feitos (non escribía para 1.700 anos despois, senón para o público letrado do seu tempo). Pola súa banda, **Fedro**, que viviu no s. I d. C., é un autor de fábulas: unhas narracións fantásticas, ás veces moi breves, nas que toman parte persoas e animais humanizados, e que conteñen unha ensinanza moral. Polo tanto, nun dos escritores o contexto é moi amplo (nada menos que toda a Historia de Roma, ou alomenos un período dela), e no outro ás veces moi pequeno (a cotío só catro versos dunha fábula).

As dificultades que poidan aparecer habémolas resolver con paciencia e constancia. E para iso o primeiro que debemos ter claro é que existen puntos de partida básicos á hora de enfrontarse a un texto. O que nós propoñemos aquí resúmese na máxima latina **divide et vices**: “divide e vencerás”. Para poder averiguar o que di un texto máis ou menos longo, debemos reduci-lo a elementos máis pequenos, co fin de reconstruír despois o conxunto.

Como ilustración deste método, propoñemos observar a presentación *Sic textus latini laborandi sunt* (“Así deben traballarse os textos latinos”). A partir de no que dela se di debemos engadir, como dicíamos, grandes doses de paciencia, constancia, e tamén contacto co profesor.



1.1. Os textos historiográficos

O Estado romano, e tamén moitos integrantes da súa clase dirixente, prestaba moita atención á historiografía como xénero literario. Por iso un gran número das obras conservadas da literatura romana pertencen a este tipo de textos, e o prosista que temos neste curso como referencia para practicar a tradución é un historiador.

Estes son os principais trazps dos textos historiográficos en xeral, desde o punto de vista das dificultades que poden ofrecer para a tradución:

- períodos ás veces bastante longos
- emprego abondoso da subordinación
- forte presenza de construcións de infinitivo e participio (tanto concertado como absoluto)
- escaso uso do sentido figurado: poucos símiles e metáforas

1.1.1. O *Breviarium* de Eutropio

Eutropio foi un historiador romano do s. IV d. C., preto xa da fase terminal do Imperio Romano de Occidente como entidade política diferenciada.

Pouco se sabe da súa vida, agás que posuía o cargo de *magister memoriae* (“mestre da memoria”, unha especie de cronista oficial) en Constantinopla, xa baixo o emperador Xuliano (361-363). É seguro que vivía durante o reinado do emperador Valente, quen gobernaba a metade oriental do Imperio, mentres o seu irmán Valentiniano o facía na occidental. Valente ten lugar propio na historia de Roma, xa que foi derrotado e morto en 368 na batalla de Adrianópolis, na que os godos, logo de fracasaren as negociacións nas que pedían un asentamento dentro do Imperio, derrotaron ó exército romano. O corpo de Valente, caído na loita, nunca se atopou.

A Valente está dedicada a obra de Eutropio: o *Breviarium Historiae Romanae*, escrito en 10 libros. É unha historia de Roma, abreviada, desde a súa fundación ata os tempos de Valente. Para a súa elaboración Eutropio servíuse, como era de rigor entre os historiadores romanos, de obras de autores anteriores, sobre todo os compendios da extensa obra de Tito Livio, *Ab urbe condita*. O seu estilo afástase xa bastante dos modelos clásicos dos séculos I a. C.-II d. C., o que é lóxico, xa que na arte o paso do tempo impón trocos nos estilos.

Pouco despois de ser escrito, o *Breviarium* converteuse nun libro empregado nas escolas elementais, e mesmo recibiu continuacións en tempos posteriores.

a) as indicacións temporais: No libro I, Eutropio resume os inicios da cidade de Roma, con tres fitos básicos: a súa fundación por Rómulo, o desenvolvemento da Monarquía como primeiro réxime, e a súa substitución polo que coñecemos como República.

A meirande parte destes sucesos estaban envoltos en lenda xa no s. I a. C., e moito máis nos tempos de Eutropio, que viviu 500 anos máis tarde. Todos os romanos coñecían estas historias por formar parte da súa cultura popular e tradicional.

Neste libro I son moi abondosas as **indicacións temporais**, sobre todo cando fala do final do goberno de cada rei:

Morbo decessit quadragesimo et tertio imperii anno

(Trad. literal: “Morreu de enfermidade no ano número 43 de reinado”)

(Trad. recomendada: “Morreu de enfermidade ós 43 anos de reinado”)

Tamén gusta de consignar a **distancia** á que se topan de Roma varios dos lugares que cita:

Albanos vicit, qui ab urbe Roma duodecimo miliario sunt

(Trad. literal: “Venceu ós de Alba, que están no miliario número 12 desde a cidade de Roma”)

(Trad. recomendada: “Venceu ós de Alba, que están a 12 millas de Roma”)

Polo tanto, cómpre estar atentos á aparición de **numerais**, tanto ordinais como cardinais. Lémbrese que son doados de atopar no dicionario.

Como xa temos advertido, tamén é frecuente a aparición de **ablativos absolutos**:

Condita civitate, quam ex nomine suo Romam vocavit, haec fere egit

(Trad. literal: “Fundada a cidade, a cal chamou Roma a partir do seu nome, case fixo estas cousas”)

(Trad. recomendada: “Logo de fundar a cidade, que chamou Roma baseándose no seu propio nome, fixo máis ou menos o que segue”)

Polo demais, abundan os **nomes propios**, dado que cita moitos protagonistas dos feitos. Tamén amosa moitos xentilicios de pobos veciños de Roma. Recoñécense con facilidade por apareceren coa primeira letra en maiúscula, e moitos deles veñen no dicionario. De non ser así, recoméndase galeguizar ou castelanizar os nomes propios: se o seu NOM sing remata en **–us**, podemos cambiar esa terminación por **–o**:

L. Tarquinius (“L. Tarquinio”)

En canto ós xentilicios, que aparecen en plural, en caso de dúbida aconséllase respetar a forma coa que aparezan no texto.

Por outra banda, e segundo Eutropio vai avanzando no relato, vai variando os sistemas de datación dos anos. Ás veces mantén a referencia á fundación de Roma, como p. ex.:

Anno trecentesimo et altero ab urbe condita...

(Tradución literal: “No ano número 301 desde a fundación da cidade...”)

(Tradución recomendada: “301 anos despois da fundación da cidade...”)

Noutras ocasións, e xa entrados no período republicano, aparece a datación co ablativo absoluto tipo **Cicerone consule**; ou tamén, mediante unha construción de participio concertado, unha referencia á expulsión dos reis, sobre todo nos anos en que esta estaba recente:

Nono anno post reges exactos...

(Tradución literal: “No noveno ano despois dos reis expulsados...”)

(Tradución recomendada: “Nove anos despois da expulsión dos reis...”)

b) o *cum* histórico: Un dos xiros sintácticos preferidos de Eutropio é o ***cum* histórico**, así chamado por ser moi cotián nos textos historiográficos. Na sección *Grammatica* xa fixemos unha análise sintáctica desta construción; mais agora cómpre deterse no uso que del fai Eutropio.

Consiste no emprego da conxunción ***cum*** como introdutora dunha oración subordinada temporal co seu verbo en pretérito imperfecto de subxuntivo (sufixo modal-temporal: **–re–**) ou pluscuamperfecto do mesmo modo (sufixo modal-temporal: **–isse–**). O seu senso é, como queda dito, temporal, ó que se lle engade un matiz causal: “como consecuencia de ter sucedido isto...”. As traducións que se recomendan para este xiro son dúas: **a contracción “ó” máis infinitivo**, ou ben un **xerundio**, aínda que ás veces encaixan ben outras opcións, como “cando...”, “logo de...” ou “mentres...”. Velaquí uns exemplos:

Is cum inter pastores latrocinaretur... urbem exiguum in Palatino monte constituit

(“Ó vivir roubando entre pastores, fundou unha cativa cidade no monte Palatino”;

pero tamén, e case mellor:

“Mentres vivía do roubo entre pastores, fundou unha cativa cidade no monte Palatino”)

Sed cum primo anno bene egissent,... Ap. Claudius... filiam virginem corrumpere voluit

(“Mais, ó cumprir con ben o primeiro ano, Apio Claudio quixo forzar á súa filla, aínda sen casar”;

pero tamén:

“Logo de cumpriren con ben o primeiro ano, Apio Claudio quixo forzar á súa filla, aínda sen casar”)

Recoméndase traducir estas oracións en primeiro lugar por “ó” máis infinitivo; se, unha vez feito así e visto o fragmento, parece claro o senso do conxunto, pódese cambiar por algún outro xiro que se estime conveniente. Con todo, cómpre manexarse con moito coidado neste aspecto, sobre todo mentres se vai collendo experiencia coa tradución. En definitiva, todo depende dunha correcta e ampla comprensión do contexto.

É moi importante ter paciencia: a destreza na tradución de textos dun autor concreto adquirese só logo de dedicarlle tempo para chegar a coñecer os seus xiros e trazos de estilo preferidos.

c) os nomes propios e os numerais: No libro III da súa obra, Eutropio relata os acontecementos da II Guerra Púnica, a máis impotante das tres que Roma mantivo con Cartago, o seu imperio rival polo dominio do Mediterráneo durante o s. III a. C.

Nese libro son abondosos, como no final do primeiro, os ablativos absolutos tipo **Cicerone consule** (que explicamos na sección *Grammatica*, ó falarmos da sintaxe dos participios), e tamén os nomes propios, sobre todo dos cónsules romanos, que eran os encargados de comandar o exército en campaña:

L. Postumius Albinus Cn. Fulvius Centumalus consules bellum contra Illyrios gesserunt

(“Os cónsules L. Postumio Albino e Gn. Fulvio Centumalo dirixiron a guerra contra os ilirios”)

Como se ve no exemplo, ás veces os nomes dos dous cónsules non están unidos por conxunción copulativa: o **praenomen** en abreviatura é a indicación de que principia un nome propio distinto. Cómpre lembrar a forma latina dos nomes dos personaxes máis sobranceiros desta guerra:

- **P. Cornelius Scipio: Cornelius, -i e Scipio, -onis** (P. Cornelio Escipión)

- **Hannibal, -alis** (Aníbal)

Tamén son cotiáns as cifras expresadas en números romanos, sobre todo ó dar conta das vítimas das derrotas de Aníbal. Nesas cantidades repítese moito a palabra **milia**, que significa “miles”. Con todo, ó ir seguida dun xenitivo (chamado “partitivo”), cómpre traducila por “mil” e non empregar a preposición “de” para traducir o xenitivo:

Perdit in pugna XXXV milia hominum

(Tradución literal: “Perdeu na loita 35 miles de homes”)

(Tradución recomendada: “Perdeu na loita 35.000 homes”)

Todos estes trazos, e algún outro, analízanse na presentación *Traducir a Eutropio*, aloxada na nosa Aula Virtual. Recomendamos visualizala polo menos unha vez, pois nela danse pautas para abordar a tradución, non só deste autor, senón, en xeral, dos textos latinos en prosa.



1.2. Os textos poéticos

A literatura romana é tamén moi abondosa en xéneros literarios que escollen o verso como vehículo: entre eles, atopamos a poesía épica, a lírica, a didáctica, e mesmo o teatro. Polo tanto, pódese dicir que hai máis variedade dentro do verso latino que na prosa.

Xustamente por iso non se poden establecer uns trazos comúns, xa que cada xénero, polos temas que toca, amosa as súas particularidades. Con todo, dado que durante este curso non imos tocar toda a variedade que existe dentro da literatura romana en verso, si podemos dar unhas cantas pistas:

- os períodos son normalmente máis curtos que os da prosa.
- en consecuencia, o emprego das oracións subordinadas é menor, e son menos tamén os tipos de subordinadas ou oracións compostas que imos atopar.
- emprego dos estilos directos, co que aparecen pronomes, imperativos e vocativos, que na prosa historiográfica son menos frecuentes.
- maior complexidade no aspecto imaxinativo: maior número de metáforas e símiles.

1.2.1. As fábulas de Fedro

Fedro foi un grego que pasou a súa vida como escravo en Roma ata que foi liberado polo propio emperador Augusto. Viviu entre os anos 15 a. C.-55 d. C., polo que coñeceu, á parte do de Augusto, os reinados dos emperadores Tiberio, Calígula e Claudio, baixo os que desenvolveu a maior parte da súa actividade literaria.

Esta consistiu na composición de fábulas, xénero practicado anteriormente en Grecia, e cuxa maior figura era Esopo (s. VII a. C.). As fábulas son poemas breves nos que se relata un suceso protagonizado por seres humanos ou animais humanizados; dese suceso habitualmente extráese unha ensinanza moral, que se resume nun refrán, situado ó principio ou ó final da composición. Por iso dicimos que as fábulas pertencen ó xénero da poesía didáctica, moi coñecido e practicado na Antigüidade, en contraste cos nosos días.

O propio Fedro declara, no prólogo á súa colección de cinco libros de fábulas, que o seu modelo é Esopo. De feito, moitos dos poemas de Fedro están baseados directamente noutros do autor grego. Pero tamén os hai que se deben á inspiración e ás vivencias do propio Fedro.

Tanto un como outro foron moi admirados na Idade Media, e tomados á súa vez como modelo para outros cultivadores do xénero, como os españois Tomás de Iriarte e Félix de Samaniego, no s. XVIII.

Comparados cos da prosa, os poéticos –e os de Fedro entre eles- son textos que non adoitan presentar moita subordinación, e tampouco moitas construcións de infinitivo ou ablativos absolutos. Si son cotiás as construcións de participio concertado, ademais doutros trazos característicos, que comentamos a seguir:

a) a morfoloxía arcaica: Tanto Fedro coma outros poetas gustan de empregar certas formas propias de épocas pasadas do latín. Moi común é a utilización, na 3ª persoa de plural do pretérito perfecto de indicativo, da terminación **–ere** en vez de **–erunt**. Isto pode causar dificultades, xa que estas formas poden confundirse cun infinitivo de presente. Por exemplo:

habuere

A primeira impresión, efectivamente, é de que se trata un infinitivo de presente, pola terminación **–ere**. Mais non é así; se acudimos ó dicionario, veremos que se trata do verbo, que aparece deste xeito:

habeo, habui, habitum 2

O número 2 indícanos que a terminación do infinitivo é **–ere**, mais este sufixo debe xunirse ó lexema de *infectum*, que resulta ser **habe-**; polo tanto, o infinitivo de presente é **habere**, e non **habuere**. Esta última forma baséase na raíz de *perfectum*, á que non se pode unir o sufixo de infinitivo de presente, senón o do de pasado, que é **–isse**. Xa que logo, o único infinitivo que pode levar esta raíz **habu-** é **habuisse**.

Outra forma arcaica é o interrogativo **qui**. Aparentemente, trátase do NOM sing do pronome interrogativo, mais neste caso temos un adverbio interrogativo que se traduce por “como?”. Polo tanto, o exemplo proposto quere dicir “como podo...?”

b) o estilo directo: Dado que os relatos das fábulas implican a personaxes que dialogan entre si, aparece o **estilo directo**: tras dous puntos, obsérvase un período marcado por comiñas; ademais, o verbo introdutor do estilo directo adoita aparecer **dentro do mesmo, e non antes**. Con todo, na tradución convén anticipalo. Por exemplo:

Repulsus ille veritatis viribus:

“Ante hos sex menses male”, ait, “dixisti mihi”

(Tradución literal: “Aquel, rexeitado polas forzas da verdade: ‘Antes destes seis meses’, dixo, ‘dixéchesme mal’ ”)

(Tradución recomendada: “El, golpeado pola forza da verdade, dixo: ‘Hai seis meses insultáchesme’ ”)

Eses verbos introdutorios adoitan ser **inquit** e **ait**, especializados para estes usos.

O exemplo anterior tamén serve para ver como Fedro emprega determinadas expresións moi directas, case do que debía ser a fala coloquial da época, e que resultan ser idiomatismos: **male dixisti mihi** traducido como “dixéchesme mal” non recolle o senso do texto, e tampouco é unha secuencia aceptable en galego, pois non se entende o que quere dicir. Outro exemplo é a exclamación **mehercle** ou **mercle**, que significa “por Hércules”: funcionaba como un apoio expresivo suave, do tipo do galego “coiro!”. O coñecemento destes xiros irá aumentando coa práctica.

Outro trazo do estilo directo é a abondosa presenza de oracións **interrogativas**, verbos en 1ª e 2ª persoa de singular e tamén en modo **imperativo**, e mesmo vocativos (recoñecibles por ir entre comas ou pausas):

Qui possum, quaeso, facere quod quereris, lupe?

(“Por favor: Como podo facer iso do que te queixas, lobo?”)

“Quia noluistis vestrum ferre”, inquit, “bonum, malum perferte”

(“Dixo: ‘Xa que non quixestes conservar o voso benestar, aturade de vez o voso mal’ ”)

c) a orde de palabras: Nas fábulas de Fedro, como en xeral nos textos poéticos, atopamos unha **orde de palabras distinta á da prosa**. Un dos fenómenos nos que isto se manifesta é o que se pode chamar “**concordancia a distancia**”: se na prosa os adxectivos adoitan estar preto dos substantivos ós que modifican, o ritmo, obrigado na poesía latina fai que os escritores poidan xogar con determinados efectos:

- intercalar elementos entre as dúas palabras que concordan:

uvam appetebat summis saliens viribus

(“intentaba coller unha uva saltando con todas as súas forzas”)

- situar as dúas palabras concordantes a principio e final de verso (isto é coñecido como “verso áureo”):

Peras imposuit Iuppiter nobis duas

(“Xúpiter cargounos con dúas alforxas”)

- empregar os participios sen citar a palabra coa que concordan, dado que xa foi citada nalgún verso anterior, a cotío en caso diferente (concordancia polo senso):

accessit et temptavit chordas ungula; // sonuere tactae

("Achegouse e tocou as cordas coa pezuña; // unha vez tocadas, soaron")

O participio **tactae** vai en NOM pl, xa que é SUX de **sonuere**. Con todo, a palabra a que se refire é **chordas**, que pertence á oración anterior, na que exerce de OD de **temptavit**, e por iso vai en AC.

- desprazar o nexa subordinante do principio da oración:

quam tangere ut non potuit...

("Cando non puido tocala...")

De tratarse dun texto en prosa, o máis esperable sería **ut eam tangere non potuit**, co **ut** ó principio da oración. Para estes casos, debemos prestar atención ás pausas. O verso completo é:

quam tangere ut non potuit, discedens ait

("Cando non puido tocala, dixo mentres marchaba")

A coma tras **potuit** debe indicarnos que aí remata a súa oración, e o principio debe estar en **quam: ut** (con verbo en indicativo) marca que a súa debe ser unha oración temporal, que é a que está entre as dúas: a inicial e a coma).

Todos estes exemplos ensínannos que, á hora de traducir poesía latina, cómpre botar a mirada un pouco máis aló dos límites do verso para entender o funcionamento e a estrutura de cada oración.

Podes dedicarlle un tempo a visualizar a presentación *Traducir a Fedro*, na que se dan unhas pautas xerais para traducir os textos latinos en verso, con especial atención ás fábulas de Fedro.

